



**ORDENANZA FISCAL NÚM. 29.- REGULADORA DA TAXA POR POSTOS,
BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS
SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E
AMBULANTES.**

ARTÍGO 1.-

FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ó abeiro do previsto na lei Reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTÍGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos públicos por postos barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTÍGO 3.-

SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivo da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos públicos que constitúen o feito impoñible da taxa.

ARTÍGO 4.-

RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.



Concello
de
Narón

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción atributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cese.

4.- A responsabilidade esixirase en toda caso nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 5.-

BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, poderán establecerse tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

ARTÍGO 6.-

COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

a) Tarifa primeira:

- Para as licencias expedidas para o feirón de Sta. Icía e a Gándara e para a feira do trece. 7,55 €anuais

b) Tarifa segunda:

- Para feiróns e feiras, por posto 0,80 €metro
lineal

- Para as restantes licencias de venda ambulante expedidas con carácter permanente para as zonas autorizadas do concello 75,70 €ano

- Para as polbeiras: 113,55 €feira

Se fosen postos de venda de produtos do agro elaborados artesanalmente non estarán suxeitos á presente taxa.

Sen embargo, no ano da alta e no da baixa a cota ratearase por trimestre.

c) Tarifa terceira:

Os aproveitamentos distintos dos anteriores que ocupen a vía pública ou terreos de uso público con espectáculos ou atraccións: 0,10 €metro
cadrado/día



Concello
de
Narón

2.- En situacións de escasa capacidade económica, as tarifas contidas no punto anterior reduciranse nun 50 %.

A efectos de obter dita redución, deberá cumprimentarse o impreso que facilitará ó Servicio correspondente, achegando copia da última declaración do IRPF.

3.- En situacións de absoluta imposibilidade económica para satisfacer as tarifas anteriores, se prestarán os servizos gratuitamente, previo informe da área de servizos sociais.

ARTÍGO 7.-

DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

Nos supostos contemplados nos epígrafes A), B), e C), relativos a actuacións singulares dos servizos municipais, a taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo, aunque se esixirá o depósito previo cando se formule a solicitude de dito servizo.

A cota anual é irreductible.

NORMAS DE XESTIÓN.

ARTIGO 8.-

1.- As cantidades esixibles conforme á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período anual ou de tempada autorizado. Coa excepción contemplada na tarifa segunda.

2.- Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que abonen e obteñan os interesados a correspondente licenzia.

3.- As autorizacións ás que se refire a tarifa 2 do artigo que antecede será válidas unicamente para o ano da expedición, sexa cal sexa a data na que o permiso se concedeu.

4.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenzia, sen prexuízo das contías que lles corresponda aboar ós interesados e das sancións previstas na normativa vixente.

ARTÍGO 9.-

1.- Durante o mes de xaneiro de cada ano poderán solicitar as persoas que o desexen as correspondentes autorizacións ou prórrogas das mesmas. Coas que obren en poder do concello ó remate do devandito mes, formárase o padrón físcal; entendéndose que os que non soliciten a prórroga da autorización, que xa teñan concedida, renuncian á mesma.



Concello
de
Narón

2.- O padrón desta taxa xestionarase do xeito previsto na ordenanza fiscal xeral do concello e normativa concordante.

ARTÍGO 10.-

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.- Cando se solicite a prestación do servizo, presentarse debidamente cumprimentado o impreso da autoliquidación da taxa.

Alternativamente, poden presentarse no servizo municipal correspondente os elementos da declaración, ó obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determina-la débeda.

3.- O ingreso da cota tributaria efectuarase simultaneamente á presentación da autoliquidación.

4.- O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pago da taxa, ordenándose en tal caso o cargo na conta bancaria durante a última decena do período de pago voluntario.

ARTÍGO 11.-

NOTIFICACIÓNS DAS TAXAS.

1.- A notificación da débeda tributaria nos supostos de servizos singulares realizarase ó interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, con carácter previo á prestación do servizo.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2.- Nos supostos de taxa por mantemento das instalacións, que teñen carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicio sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do concello, polo período que se publicará no boletín oficial da provincia.

3.- Ó abeiro do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico regulas nesta ordenanza que son consecuencia de transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pago de prezo público ó que substitúen.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A feira do trece quedará excluída da aplicación da presente ordenanza ata novo acordo, a fin de promovela, en atención á súa singularidade histórica.

DISPOSICIÓN FINAL.



Concello
de
Narón

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.